



RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 18.02.2026

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 18.02.2026, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Aprobáronse 4 baixas (1 de exercente por falecemento e 3 de non exercentes).
2. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 141 informes de honorarios para taxacións de custas: 136 de materia bancaria e 5 sobre outras materias. Coa emisión destes 141 informes estamos completando as solicitudes que entraron no rexistro do colexio a finais do mes de novembro de 2025.
3. **Oficio da Sección de Instrución Praza 1 do Tribunal de Instancia de Santiago.** Deuse conta á Xunta do oficio remitido polo Xulgado de Instrución Praza 1 de Santiago no que se empra a este colexio como posible responsable civil subsidiario nas DPPA da querela presentada por unha letrada da quenda de oficio contra un solicitante de xustiza gratuita por un presunto delito de acoso.

Logo de ver o dito oficio e a copia do escrito presentado pola representación procesual da dita letrada, a Xunta de Goberno acordou por unanimidade:

1. Remitir unha copia de todo o expediente ao noso seguro de responsabilidade civil para a apertura do correspondente parte de sinistro e que a aseguradora designe un letrado/a para constituírse como parte en nome do colexio.
2. Tras ver o contido do escrito presentado pola representación procesual da dita letrada, revogar o acordo desta xunta de goberno do 16.06.2025 polo que este colexio asumía os honorarios dos profesionais designados pola letrada para a súa defensa xa que existe un evidente e manifesto conflito de intereses ao pasar a ser este colexio parte contraria no procedemento xudicial de referencia.
4. **Oficio da Sección de Instrución Praza 3 do Tribunal de Instancia de Santiago.** Deuse conta do oficio remitido por este xulgado, no que se pon en coñecemento as deficiencias na prestación do servizo de garda por parte dun letrado de garda.
Logo de ver o dito oficio, acordouse a apertura de dilixencias de información previa ao letrado.
5. **Oficio da Sección de Instrución Praza 3 do Tribunal de Instancia de Santiago.** Deuse conta do escrito remitido por este xulgado, en contestación á queixa presentada por este colexio con respecto aos atrasos acumulados no dito xulgado.

Acordouse que o decano manteña unha reunión coa xuíza decana e a LAX coordinadora para que se estude a falta de persoal alegada polo xulgado.